



Conselleira

O pasado día 22 de xullo, poucas horas despois da multitudinaria concentración de profesorado e do conxunto da comunidade educativa ás portas de San Caetano, a Xunta decidiu publicar o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o curso escolar 2020/21 nos centros de ensino non universitarios de Galiza. Ese documento leva a súa sinatura e ao do conselleiro de Sanidade e supón a resposta oficial do goberno galego ás xustas demandas e a unanimidade de voces críticas no ámbito da representación sindical do persoal que traballamos nos centros docentes, así como das confederacións de pais e nais a quen vostede, por outro lado, decidiu desprezar e deixar a un lado. Son vostedes dous, xunto co presidente da Xunta, os últimos responsábeis das incertas consecuencias a todos os niveis da aplicación dun protocolo que nace sen ningún tipo de respaldo e que consideramos froito da temeridade e duns criterios economicistas que levaron a primar os cartos por riba da saúde das traballadoras e traballadores e do alumnado.

Fronte á irresponsabilidade que cometen coa fuxida cara adiante da publicación do protocolo, as organizacións sindicais que asinamos este escrito queremos que lle quede claro que non somos nin seremos cómplices das decisións que veñen de adoptar e que loitaremos, co apoio de todas as demais entidades que se queiran sumar, así como do conxunto dun profesorado comprometido coa súa labor docente no ensino público deste país, por frear a aplicación dun documento que está a crear non só un profundo malestar senón tamén unha enorme preocupación en toda a comunidade educativa.

A nosa responsabilidade levounos a abandonar unha farsa de negociación diante da soberbia e o inmovilismo que demostraron, tanto nas formas como no fondo, coa imposición unilateral dunhas medidas que entendemos gravemente lesivas para todo o profesorado e o persoal non docente así como para o alumnado. Esa mesma responsabilidade é a que nos leva a facer novamente unha chamada á sensatez na toma de decisións, demandado unha rectificación por completo do protocolo publicado a semana pasada, unha negociación sobre parámetros que poñan a saúde en primeiro lugar e que busque que a presencialidade parta das máximas condicións de seguranza,

algo que non se atopa por ningures no actual documento, ao tempo que formule propostas para que o recurso forzado á teledocencia, parcial ou total, evite discriminacións e exclusións, rompendo a fenda dixital e social que mantivo desconectado a moitas alumnas e alumnos e con serios problemas a unha parte do profesorado.

O profesorado galego non acepta que a doutrina do custo cero se impoña sobre a saúde e presencialidade segura.

O profesorado galego non acepta que se prescindida de criterios científicos rigorosos para non aumentar o distanciamento físico nas nosas aulas e o correspondente descenso de ratios.

O profesorado galego non acepta que a administración descargue toda a responsabilidade nas equipas directivas e o profesorado en xeral.

O profesorado galego non pode asumir unha proposta de presencialidade que supón un confinamento pedagóxico e unha volta atrás na innovación pedagóxica nin está disposto a esquecer a necesaria adaptación curricular para rescatar e apoiar o alumnado que sufriu dun xeito especial o confinamento durante o estado de alarma, con especial atención ás necesidades educativas especiais e de apoio específico.

O profesorado galego está farto de cargar cos excesos de burocracia que dificultan a práctica docente así como coas dificultades para a coordinación e a formación que uns horarios lectivos avultados e as elevadas ratios provocan.

A saúde é o primeiro sempre e máis nunha situación excepcional como a que estamos a vivir. Non se pode entender, fóra do uso perverso en período preelectoral das últimas eleccións autonómicas, como a Consellaría muda o seu criterio ao respecto do profesorado e o resto do persoal que forman parte dun grupo de risco así como da obrigada tutela de fillos e fillas menores ou maiores dependentes a cargo. Antes do 12 de xullo este persoal permanecía nas casas, teletraballando se era posíbel. Agora a Xunta obriga a este persoal a permanecer nos centros docentes, considera que non existe risco algún e dá por feito que para a saúde de todas e todos nós a irrupción da pandemia da covid-19 é irrelevante. Unha vergoña.

O control que se pretende facer sobre a situación de posíbeis infeccións é absolutamente insuficiente e non ofrece ningún tipo de garantías, tanto na incorporación do profesorado, persoal non docente e alumnado como no seguimento de todos os colectivos unha vez comezado o curso. A negativa a contratar máis persoal non docente tamén implica que os requisitos que se inclúen no protocolo ao respecto de limpeza de espazos e materiais é absolutamente inasumíbel.

Así, tanto desde a perspectiva da protección da saúde de todas as persoas que compartimos os centros educativos como da hixiene que debería ter unha especial atención na volta e permanencia nas nosas escolas e institutos, a Consellaría non asume as súas responsabilidades e abandona á súa sorte a toda a comunidade educativa, provocando tamén que a docencia quede nun segundo termo pola negativa a contratar máis persoal e sobrecargar de funcións, algunhas claramente impropias, ao profesorado.

A xestión que se impón no caso de posibles surtos ou brotes non fai máis que agrandar as dúbidas e incertezas sobre o illamento dunha parte ou de todo o profesorado e o alumnado e a falta de criterios para unha posterior reincorporación tamén é un exemplo de como a Consellaría pretende novamente evadir toda responsabilidade. Se durante o estado de alarma a Consellaría se escondeu detrás dun “mando único” educativo inexistente, agora deriva toda a xestión e riscos no profesorado.

Defendemos a presencialidade como o elemento esencial da educación e a realidade do confinamento reafirma o noso convencemento de que o ensino debe ser presencial. Mais é obvio que esa presencialidade debe vir acompañada da máxima seguridade sanitaria, algo ao que renuncia a Consellaría. Se iso é motivo de alarma e profunda preocupación non o é menos a desidia da administración á hora de prever un novo confinamento. Non se tomou ningunha medida durante este tempo nin se formulan alternativas na actualidade para garantir que tanto profesorado como alumnado poidan ter todas as garantías para que a educación a distancia sexa para todas e todos, con material e medios proporcionados pola administración. O profesorado supliu as enormes eivas dunha administración que non estaba preparada para afrontar unha crise desta dimensión, con medios propios, con sobre esforzo, con plena dedicación, sen horarios, desbordado en moitas ocasións. Iso non pode volver a acontecer. O teletraballo, como a docencia presencial, debe ter regras, horarios, medios, condicións, deberes e dereitos. A Consellaría non fixo absolutamente nada nin trazas ten de facelo.

O alumnado tamén fica igualmente ao pairo. Só se indica que se deben identificar os problemas de conectividade. Para que serviu a experiencia vivida? Para volver ao punto de partida? Vai deixar a administración tiradas a todas aquelas alumnas e alumnos que teñan dificultades para poder seguir con normalidade unha nova fase de teledocencia forzada? Vai quedar relegado quen viva nunha zona rural con mala cobertura? Vai ser novamente a fractura social quen expulse das aulas virtuais o alumnado máis desfavorecido? Será de novo o alumnado con necesidades especiais e específicas de apoio quen en maior porcentaxe saia prexudicado pola ruptura da presencialidade?

Como docentes non podemos nin debemos asumir isto e unha administración educativa minimamente responsábel e preocupada debería romper o protocolo e asumir que o investimento e as medidas para facer fronte a esta nova fase da crise sanitaria non se

pode resolver cunha crise educativa. Ou iso ou marchar para casa, señora conselleira, nunca ser cómplice do risco e a irrelevancia para a educación que o goberno galego formula para o curso 2020/21.

A mobilización do profesorado e da comunidade educativa para evitar que o protocolo da Consellaría sexa unha realidade tamén é mostra da responsabilidade na defensa dun ensino público galego de calidade, presencial, seguro e con equidade. Ese é o noso compromiso, a nosa loita, a nosa responsabilidade.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2020.

CIG-ENSINO

CCOO-ENSINO

ANPE

FESP-UGT